

Vacacións con traballo

Profesionais da Solidariedade

1. Que pretende o Programa “Vacacións con Traballo”

Globalizar o poder local a través do intercambio de experiencias entre profesionais de Galicia e das comunidades do Sur.

Dar resposta ás propostas de actuación que nos formulan as contrapartes do Sur, apoiando as estratexias de desenvolvemento económico, técnico e humano de cada localidade, partindo das características e necesidades propias de cada lugar.

Estreitar lazos entre os axentes do desenvolvemento local galego e os axentes de desenvolvemento local dos países do Sur, propiciando un novo modelo de relación que supere o tradicionalmente baseado no paternalismo e no asistencialismo.

Fortalecer o noso compromiso co Sur, e apostar por un futuro común que avance na implementación de medidas locais acordadas cun modelo de desenvolvemento sostible.

Afondar en contidos e accións, e pouco a pouco precisar as percepcións que nos permitan interpretar mellor a realidade dos países do Sur.

Habilitar fórmulas que permitan dinamizar unha cooperación que potencie o papel dos municipios, que contribúa a consolidar estruturas democráticas e que promova o desenvolvemento e progreso humano.

Implicar ao colectivo de servidores públicos en actividades que estimulen o seu compromiso solidario.

Contribuír ao intercambio formativo e á mellora da capacitación técnica dos especialistas dos países do Sur.

2. A Onde Viaxaremos

Cooperaremos con algunhas das comunidades dos países onde o Fondo Galego desenvolve proxectos de cooperación. Para o ano 2008 contéplanse catro prazas: unha en Cabo Verde, unha en Cuba, outra en Nicaragua e a cuarta en Perú.

3. Cando

En calquera mes do ano, supeditado á dispoñibilidade das persoas que viaxen e ás posibilidades de acollida nas entidades dos países do Sur.

4. Os parceiros

As entidades de acollida serán as seguintes:

■ **En Nicaragua**, o Instituto de Promoción Humana, entidade de recoñecida traxectoria no ámbito da cooperación internacional, con estreitas relacións coas comunidades locais.

■ **En Cabo Verde**, o Instituto Cabo-verdiano para a Igualdade e Equidade do Género (ICIEG) institución governamental, que ten a finalidade de promover políticas para a igualdade de dereitos entre o home e a muller, e a efectiva e visible participación da muller en tódalas esferas de actividades do país.

■ **En Perú**, coa ONG Tierra de Niños, entidade que impulsa procesos de empoderamento local para influir nas políticas en favor da infancia e xuventude nos sectores propios do Perú.

■ **En Cuba**, a Oficina do Conservador da Cidade de Santiago de Cuba, institución encargada de conservar o patrimonio histórico cultural e monumental de Santiago de Cuba.

5. O perfil

A oferta anual de prazas fixarase a partir das necesidades formuladas polo parceiro quen precisará as características do persoal que precisa e as actividades a desenvolver durante a súa estadía. Para a convocatoria 2008, os perfís requeridos son:

■ **Para Nicaragua** (preferentemente): especialistas en informática (construcción de páxinas web); especialistas en administración e xestión (finanzas, planificación).

■ **Para Cabo Verde** (preferentemente): formación superior en ciencias sociais e/ou comunicación social ou afíns. Desexable experiencia profesional en perspectiva de xénero. Persoa dinámica e con capacidade de traballar en equipo.

■ **Para Perú** (preferentemente): inxeñeir@s de sistemas informáticos (especialistas en redes e páxinas web); psicopedagog@s; especialistas en turismo; xerentes administrativ@s; especialistas en negocios e créditos; especialistas en proxectos.

■ **Para Cuba** (preferentemente): arquitect@s técnic@s. Desexable experiencia previa en traballos de rehabilitación de inmobles.

6. Desenvolvemento do programa

Durante o mes de estadía, o/a participante no Programa, comprométese a desenvolver unha actividade continuada durante un mínimo de vinte días. **A contraparte asume todos os gastos derivados da súa estancia, en materia de manutención e aloxamento. O Fondo Galego asume os custes da viaxe desde Galicia ao punto de destino.**

7. Destinatarios

Poderá participar no Programa *Vacacións con Traballo*, o persoal laboral e funcionario da administración local galega, sendo condición imprescindible que o seu concello pertenza ao Fondo Galego. Valorarase a vinculación co mundo da cooperación e o feito de ter viaxado ás comunidades do Sur.

8. A viaxe

■ O antes

As persoas que desexen acollerse a este Programa, previa inscrición e posterior selección, deberán participar obrigatoriamente no curso de formación que organizará o Fondo Galego.

■ Durante

Seguirá a programación deseñada polo noso parceiro.

■ A volta

Deberá elaborar unha memoria da viaxe que entregará no seu Concello á persoa de contacto do Fondo Galego ou directamente a esta entidade. Será convidado a dar a coñecer a experiencia vivida nas comunidades do Sur a través das actividades que organice o Fondo Galego e poderá divulgar os resultados da solidariedade desenvolvida.

9. Consideración final

Os principios deste programa asentados en criterios de horizontalidade e de respecto mutuo.

10. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes remata o día **16 de xuño de 2008**.

Información e inscricións:

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

Avda Joselín 7, portal 3-4^ºB · 36300 Baiona (Pontevedra)
Teléfono/Fax: 986 357 238

www.fondogalego.org

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade entende que a verdadeira solidariedade non pode ser de sentido único.

Na busca de fórmulas que posibiliten un mundo mellor naceu este proxecto co queremos animar aos empregados e empregadas municipais galegas a comprometerse no desenvolvemento e na mellora das condicións de vida dos países do Sur.

“Sumarse ou sumirse”, afirma o escritor Eduardo Galeano. E optamos por sumarnos ao compromiso, por conseguir entre tod@s artellar un mundo mellor, un mundo que globalice a solidariedade.

No mundo da cooperación internacional somos necesarios tod@s. A suma dos pequenos esforzos de cada un multiplica os resultados.

**Anímate
e +te
a nosa viaxe
solidaria**

Anímate e +te

Fotografía de portada: Álvaro Trillo

F I C H A D E I N S C R I C I Ó N

Datos persoais

- NOME:
- APELIDOS:
- DATA E LUGAR DE NACEMENTO:
- CORREO ELECTRÓNICO:
- ENDEREZO:
- TELÉFONO:
- DATOS LABORAIS:
- CONCELLO NO QUE TRABALLA:
- ÁREA DE TRABALLO:
- ENDEREZO LABORAL:
- TELÉFONO DO TRABALLO:

Documentación a presentar

- Fotocopia DNI
- CV
- Carta motivación en participar no Programa “Vacacións con traballo”
- Experiencia no mundo da cooperación

Información e inscricións:

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE
SECRETARÍA TÉCNICA
Avda Joselín 7, portal 3- 4ºB · 36300 Baiona (Pontevedra)
Teléfono/ Fax: 986 357 238

www.fondogalego.org



Vacacións
con traballo

Profesionais
da Solidariedade